



## Concello da Pastoriza (Lugo)

### BANDO AXUDAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR CURSO 2019/2020

D. **PRIMITIVO IGLESIAS SIERRA**, Alcalde-presidente do Concello da Pastoriza (Lugo),

#### FAI SABER

Que no **BOP núm. 212 de data 15/09/2020** se publicou a convocatoria das **AXUDAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DO CONCELLO DE PASTORIZA QUE CURSAN ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL CURSO 2019/2020**

#### OBXECTO DAS AXUDAS

Sufragar parcialmente o custe do traslado dos/as estudantes que cursen, fóra do termo municipal e en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos, estudos, non universitarios, que non se imparten no Concello da Pastoriza e sempre que se trate de desprazamentos dentro da Comunidade Autónoma

#### REQUISITOS PARA SER BENEFICIARIAS/OS

1º unidade familiar empadroada no Concello da Pastoriza, con polo menos 12 meses de antelación á publicación das bases reguladoras.

2º. Estar cursando ou ter fillas/os cursando

- **Educación secundaria postobrigatoria: 1º e 2º curso de bacharelato (que non se imparta nun centro do Concello da Pastoriza) e/ou 1º e 2º curso de formación profesional de grao medio.**

3º Cumprir cos requisitos esixidos polas normas reguladoras das subvencións

4º Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello da Pastoriza.

5º. O alumno menor de 30 anos.

#### LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- LUGAR : **Rexistro Xeral do Concello**, Praza de Galicia, 1 -Pastoriza ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- PRAZO: será de **20 días (HÁBILES)** dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (**ATA O 14 DE OUTUBRO DE 2020**)
- DOCUMENTOS A PRESENTAR: modelo de solicitude e anexos recollidos nas bases xunto a documentación a que se refire a base 5.2

Á solicitude, anexos e bases, ESTAN DISPOÑIBLES, no taboleiro de anuncios da sede electrónica [www.apastoriza.sedelectronica.gal](http://www.apastoriza.sedelectronica.gal). e nas oficinas municipais.

A PASTORIZA NA DATA DA SINATURA

O ALCALDE - PRESIDENTE

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE A MARXE

